



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/7	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria urgente

Motivo: «Consta na proposta de ratificación de urxencia»

Data:

30 de xuño de 2025

Duración:

Desde las 13:30 hasta las 14:25

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	NON
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

- | | | |
|--------------------|----------|--------|
| 1. MONICA | IGLESIAS | PREGO: |
| «Motivos laborais» | | |
| 2. Mónica | Roca | Ares: |
| «Motivos laborais» | | |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Peché centro saúde ratificación urxencia	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo: Ratificar o carácter extraordinario e urxente da necesidade de adopción de acordo en relación co centro de saúde de Parga.

Expediente 754/2025. Evitar o peche do Centro Médico de Parga nos meses de xullo, agosto e setembro.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

M^a del Sol Morandeira, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, en base á solicitude formulada polo BNG, previamente consensuada polos grupos municipais do BNG e PSOE, formula a seguinte proposta:

Para evitar o peche do Centro Médico de Parga nos meses de xullo, agosto e setembro

En base á seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS

Vimos de coñecer por medio de canles non oficiais (persoal do centro, usuarios...), da decisión do Sergas, por medio da área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, de manter pechadas as instalacións do Centro de Saúde durante os meses de xullo, agosto e setembro.

O feito de ter que coñecer esta decisión polos propios traballadores e traballadoras do





Centro, sen comunicación oficial algunha que xustifique esta medida, seméllanos lamentábel e todo un desprezo tanto aos usuarios e usuarias, coma para o propio Concello de Guitiriz coma institución, impropio dunha administración seria.

Alén disto, a medida do peche total do centro de saúde é unha medida inxusta, desproporcionada e carente de fundamento que supón un auténtico varapao aos mais de 1500 usuarios e usuarias deste centro que se van a ver desprazados a Guitiriz durante tres meses, co que iso supón en desprazamentos, en medios propios ou alleos, molestias e un aumento mais que probable nas listas de espera para a atención co médico de cabeceira.

O Centro de Saúde de Parga, como xá sabemos, foi un dos que sufriu os efectos da pésima xestión sanitaria na época da Covid, o que supuxo que dende a Xerencia, quixeran aproveitar para o seu peche definitivo centralizando toda a actividade no Centro de Saúde de Guitiriz.

Debido á mobilización da veciñanza do concello e de usuarios e usuarias, puidose frear ese peche e, transformalo nun peche parcial carente de sentido, con dous médicos que prestan servizo dous días á semán en Parga e tres en Guitiriz e co servizo de enfermería prestando servizo catro días en Parga e ún en Guitiriz, que a pesar de non ter xustificación lóxica algunha, tomouse coma o mal menor.

Agora a Xerencia do Sergas, volta ao ataque cun novo golpe ao noso Centro de Saúde que, unido a que en Outubro marcha unha das médicas titulares de Parga a outro destino, a xubilación do outro médico no mes de xullo e a que o ATS só ten garantida a súa presenza en Parga até ese mesmo mes, pode indicar que o que está detrás deste peche de tres meses sexa a antesala do peche definitivo e da reubicación de tódolos servizos en Guitiriz.

En definitiva, é moi probable que estemos diante dunha decisión política por parte do Goberno do PP, planificada e tomada fai meses, agardando a poder levala a cabo nas circunstancias actuais, unha vez que pensan que os usuarios e usuarias xá teñen asumida a posibilidade do desprezamento a Guitiriz e visto que, a priori, non hai convocatorias electorais a curto prazo.

Vista a proposta de resolución PR/2025/599 de 26 de xuño de 2025.

Resolución:

Polo conxunto dos grupos , propónse a seguinte enmenda, engandindo un punto ao apartado terceiro do propoño , co acordo do conxunto dos grupos políticos e co seguinte tenor literal: **O Pleno esixe da Xerencia que se aclare o futuro do Centro de Saúde de Parga a partir do mes de Setembro, instando a recuperación dos servizos anteriores a pandemia.**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo

- **O Pleno municipal de Guitiriz solicita da Xerencia da Área Sanitaria de Lugo, A**





Mariña e Monforte que se dé marcha atrás ao peche do Centro de Saúde de Parga anunciado para os meses de xullo, agosto e setembro.

- O Pleno municipal de Guitiriz, esixe que por parte do Sergas, se habiliten os medios de reforzo suficientes para que o servizo nos Centros de Saúde de Parga e Guitiriz non se vexa reducido en ningún caso.
- O Pleno esixe da Xerencia que se aclare o futuro do Centro de Saúde de Parga a partir do mes de Setembro, instando a recuperación dos servizos anteriores a pandemia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROGOS E PREGUNTAS
Non hai asuntos
Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe: SHA512 - e1221a138df5c3c919ea88249d891f9bfa9f1aa3995790f647e05e048a80bbe43ce0fd5060cd919e0e26e9e6c23c708e574083019af16fe728c68a42e6020562
O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace: https://guitiriz.seneca.tv:443/watch? id=ZjA1MzAzNDktMzdmNi00ODkxLTk5ZTgtOGM4YTgyYzE4YjNm

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

